

# HORTA ESCOLAR CEIP PLURILINGÜE HUMBERTO JUANES



## 1. Presentación

Este programa ofrece un plan de mantemento e revitalización da horta escolar, contando cun programa de acompañamento ao alumnado do centro educativo, no que se realizarán actividades educativas relacionadas co cuidado da horta, a compostaxe, actividades sobre educación ambiental centradas no cultivo, etc. para que o alumnado participe activamente e obteña os coñecementos necesarios para o coidado dunha horta, así como os beneficios dunha alimentación sá e local, a través do cultivo propio.

## 2. Natureza do proxecto

Os acontecementos políticos, sociais e ambientais das últimas décadas deixan un futuro de inqueda, debido, sobre todo, á situación de **emerxencia climática**, que conleva un escenario totalmente diferente nos próximos anos. O cambio climático é un dos grandes desafíos da humanidade e unha das principais ameazas para o desenvolvemento sostible, con grandes consecuencias económicas, sociais e ambientais. Para lograr este proceso de “transición ecolóxica”, a ONU presenta a **Axenda 2030** sobre Desenvolvemento Sostible. A Axenda 2030 das Nacións Unidas, aprobada polos dirixentes mundiais en 2015, constitúe o novo marco para o desenvolvemento sostible a nivel mundial e establece **17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)**. Representa o compromiso de erradicar a pobreza e lograr o desenvolvemento sostible de aquí a 2030 en todo o mundo, sen excluír a ninguén.



O programa anual de horta responde a estas políticas, contribuíndo a acadar o desenvolvemento sostible mediante a formación e educación do alumnado en medio ambiente. As hortas producen **beneficios** a nivel **social**

augmentando o acceso a alimentos frescos e sanos e beneficios **culturais** sendo unha fonte para a **Educación ambiental** e o cambio de hábitos, unha fonte para a obtención de coñecementos sobre o medio natural, o cultivo, a nutrición, adquirindo mellores hábitos alimenticios, ademais de establece áreas verdes nas escolas que evitan o nacemento de especies invasoras, melloran a biodiversidade, manteñen a estrutura do solo e facilitan a polinización.

### **3. Obxectivos**

#### **a. Obxectivos xerais**

- Poñer en valor o coidado do medio por parte do alumnado.
- Fomentar hábitos de alimentación saudables.

#### **b. Obxectivos específicos**

- Fomentar a responsabilidade, a paciencia e o traballo en equipo do alumnado.
- Promover a convivencia e o traballo conxunto para satisfacer un ben común.
- Fomentar o pensamento crítico e a creatividade.
- Coñecer os beneficios do autocultivo (calidade, produto local)
- Establecer rutinas de alimentación sá no alumnado.
- Promover os beneficios das hortas urbanas.
- Potenciar a sensibilización ambiental e o consumo responsable.
- Familiarizar ao alumnado con termos como o cambio global, desenvolvementosostible, servicios ecositéxicos e a Axenda 2030.
- Capacitar ao alumnado para o coidado da horta.
- Promover espazos verdes e naturais no centro escolar.

### **4. Destinatarios**

Os destinatarios do programa son o alumnado de infantil e os cursos de 4º, 5º e 6º de primaria (acordados co centro). A visita a horta realizarase por curso.

## **5. Metodoloxía**

### **Aprender-facendo**

Metodoloxía que centra a aprendizaxe no propio estudante, cada estudante é o seu propio axente de coñecemento. Trátase de fomentar unha aprendizaxe activa, efectiva e colaborativa, que permite ao alumnado manipular o obxecto de estudo e reflexionar sobre el. Incentivando o traballo autónomo, a creatividade e a sensibilidade para resolver problemas da propia realidade a nivel local e a súa relación a nivel global.

### **Aprendizaxe baseado en historias**

Esta metodoloxía céntrase na invención, lectura ou representación de historias ou contos por parte do docente para despertar a interese e a motivación do alumnado nalgún tema, mellorando a empatía e fomentando a creatividade. A historia buscará a participación do alumnado e a súa implicación para explicar e mellorar o coñecemento dalgún aspecto ou tema concreto.

## **6. Contidos**

### **Conceptuais**

O programa de Horta escolar propón a a horta como medio para que alumnado aprenda contidos relacionados coa educación ambiental, tales como, o cambio global (causas, consecuencias, respostas...), o desenvolvemento sostible, os servizos ecosistémicos... Ademáis de contidos realacionados coa boa alimentación como a pirámide alimenticia, os diferentes alimentos (cereais, frutas e verduras, carnes e pescados...), os beneficios e aportes de cada un deles (enerxía, vitaminas, minerais...)

### **Comportamentais**

O noso programa busca cambios nos hábitos alimenticios, aumentando o consumo de froitas e verduras e promovendo o benestar social. Tamén busca cambios no consumo, tratando de fomentar hábitos de compra de produtos de

procedencia local e de produción ecolóxica para diminuír os efectos do cambio global, mediante a diminución das emisións derivadas do transporte, a diminución da embalaxe dos produtos, da súa conservación en frigoríficos... E, por último busca cambios culturais na sociedade promovendo os espazos verdes que diminúen a presión arterial e o estrés e utilizando terreos baldíos para darlles un uso.

## **Afectivos**

O proxecto fomenta a educación en valores mediante a adquisición de hábitos de vida saudables (cambios alimenticios e visita de espazos verdes), fomentando no alumnado a interese en temáticas ambientais e de desenvolvemento sostible, o traballo en equipo e a responsabilidade, promovida polo autoabastecemento e autoconsumo. Ademais de fomentar a empatía e a creatividade a traves das historias e contos, o pensamento crítico e a capacidade de reflexión, poñendo en valor como os nosos hábitos de vida teñen consecuencias (positivas ou non) directas no noso medio.

## **7. Planificación**

### **ETAPA I: Construción e acondicionamento da horta**

Nos centros educativos que non dispoñan de horta procederase a construción e nos centros educativos con horta realizarase unha reforma, mellora ou ampliación.

### **ETAPA II: Execución do programa**

#### **A) Mantemento semanal da Horta**

Durante todo o curso escolar se lle presentará ao profesorado implicado as diferentes actividades que poden facer co alumnado referentes á horta, tales como regadío, plantación, colleita... nun caderno de campo para o mantemento xeral.

## **B) Actividades complementarias**

Cada semana se presentarán actividades relacionadas coa horta e coidado do medio para realizar cos diferentes grupos. Estas actividades terán unha duración de 45 minutos e serán realizadas polas promotoras do Proxecto. Estas actividades terán un carácter complementario, buscando o aprendizaxe do alumnado en materias concretas relativas ao coidado da horta, pero, tamén relacionadasco desenvolvemento sostible, a soberanía alimentaria e a educación ambiental xeral, para vincular o aprendizaxe coa Axenda 2030 e os ODS tentando tocar tanto a perspectiva social como a ambiental dende todos os cursos.

### **Propostas de actividades:**

- Minimundos (ecosistemas en botes)
- Herbario
- Sementeira, coidado e recollida de produtos da horta
- Recoñecemento de plantas aromáticas e medicinais
- Fauna útil da horta
- Tratamentos biolóxicos da horta
- Plantacións específicas (fresas, Lu£fa, esponxa vexetal...)
- Elaboración de compost
- Horta vertical
- Conservación do excedente da horta (embotados, marmeladas, fermentos)
- Conservación de ecosistemas
- Excursións
- Restauración ecolóxica
- Cosmética natural
- Pegada ecolóxica

- Recicla e reutilización de materiais
- Presentando a economía circular

As propostas de actividades complementarias poderán ir variando segundo as necesidades da horta ou as propostas suxeridas. Contemplamos realizar unha actividade mensual para cada curso.

### **ETAPA III: Resultados e avaliación do programa**

1. Comezar un novo ciclo: este programa busca a continuidade temporal, para que todo alumnado coñeza os ODS e obteña as habilidades necesarias para o coidado dunha horta.
2. Revisión dos resultados: despois do primeiro trimestre do novo curso lectivo, no mes de xaneiro, SomosTerra e o profesorado farán unha revisión do Programa para acadar melloras e para que a Axenda 2030 e o cambio cara a sustentabilidade nos centros educativos sexan permanentes.

## **8. Recursos**

### Recursos humanos

Os recursos humanos dos que precisa o programa son, por unha banda as promotoras do proxecto que actuarán como formadoras e traballadoras da horta: Diana Muñoz Somoza, Raquel Gómez Villar e as mestras do centro.

Por outra banda, o alumnado do centro que se distribuirá en grupos para a visita a horta. a distribución do alumnado en grupos será acordada co centro educativo tendo en conta factores como a idade do alumnado, o tamaño da horta, as actividades propostas e outras consideracións.

## **8. Avaliación**

O programa horta escolar elaborará unha avaliación interna para estudar os beneficios e as habilidades e coñecementos adquiridos polo alumnado mediante a observación das actividades. Ademais emitirá unha avaliación ao centro escolar para que valoren os contidos, as actividades e a planificación do programa, así como as habilidades das persoas monitoras. Buscando o máximo proveito das actividades por parte do alumnado e do centro escolar.



## 1. MES DE OUTUBRO

### Calendario da horta

- Recopilación das actividades realizadas con SomosTerra con cada curso.
- Debuxar os cultivos que se utilizaron segundo se se recolleron as sementes, se fixemos sementeiros, se plantamos ou se colleitamos.

### Materiais

- Calendario
- Pinturas
- Celo, cola ou chinchetas para poñer os debuxos no calendario.

	<b>Outubro</b> <i>A horta de outono mantén o seu dono</i>	<b>Novembro</b> <i>Rematado novembro que non sembrou, que non sembre</i>	<b>Decembro</b> <i>Moito tes que saber para cogomelos coller</i>
<b>Sementeira</b>			
<b>Plantación</b>			
<b>Colleita</b>			
<b>Banco de sementes</b>			

SOMOSTERRA

### ***Sementeira***

- Chicharos
- Tagetes
- Rúcula



### ***Plantación***

- Repolo
- Navicol
- Cebola
- Allos porros



### ***Colleita***

- Espinaca
- Patacas
- Tomates
- Pementos

Banco de semente: coliflor, rúcula, xudía, tomate, pemento, pepino...

### ***Coidado da horta e os sementeiros***

A todos os nenos e nenas de 4º de infantil tócanos a tarefa máis importante quedamos encargados de regar os sementeiros de chicharos e cebolas para que cando crezan podemos transplentalos a horta e que se fagan fortes e grandes e

poidamos colleitar moitos chícharos e cebolas para cociñar na casa. Para regar os sementeiro temos que facelo pouco a pouco para que non afoguen as nosas plantiñas. Ademáis tamén temos que regar e coidar todos os cultivos que plantaron os nosos compañeiros na horta: repolos, espinacas, allos porros, rúcula... Podemos establecer un calendario de rego para repartir o traballo entre as clases e podemos utilizar as regadeiras que fixeron os nosos compañeiros de 6º de primaria. Pero OLLO! para regar debemos ter coidado e sempre botar a auga na terra preto do talo das nosas plantas e botala despaciño para evitar que a terra encharque. Para entender como funciona unha horta podemos ver o conto narrado por compañeiros e compañeiras doutros coles: Aínda Nada? <https://www.youtube.com/watch?v=Jc5ISPTz>

Xa estamos en outono e como di o refrán, a horta de outono mantén ao seu dono, xa que toca recoller as sementes dos cultivos de verán, colleitar e facer as plantacións de inverno.

O primeiro que fixemos foi o banco de sementes, a recolección das sementes das plantas da nosa horta para volver a plantar cando chegue a época. O alumnado de 5º de infantil abrimos uns pementos buscamos a semnte e as deixamos secar para que non podrecesen. Tamén sacamos a semente das xudías, pero estas xa estaban secas, así que as gardamos directamente nun bote e cando chegue o calor as plantaremos de novo na horta.

O alumnado de 6º de infantil abrimos uns tomates buscamos a semente, lavámolas e as deixamos secar para que non apodrecen. Tamén plantamos unha flor de semente nunhas macetas, o Tagete, a enfermeira da horta. Agora tócanos coidar da horta e das nosas macetiñas de Tagetes.

O alumnado de de 4º de primaria abrimos unha sandía e buscamos a semente, pero antes de gardalas tivemos que deixalas secar para que non apodreza.

Tamén plantamos nabicol e repolos, dous cultivos moi típicos de outono. Preguntámonos qué comemos dos cultivos, a folla, a raíz ou o talo?

O alumnado de 5º de primaria abrimos varios pepinos e pementos de Padrón, buscamos sementes, pero antes de gardalos hai que deixalos secar.

Tamén plantamos brécol e allos, porros e rúcula; preguntámonos por que os plantamos xuntos.

O alumnado de 6º de primaria, tocounos secar a semente de coliflor e rúcula. Despois plantamos unha asociación de cultivos que eran cenorias e cebolas, xa que, a cebola espanta a unha mosca que pon os ovos baixo a terra e a súa larva vai comendo pouco a pouco e sen decatarnos as nosas cenorias mentres crecen baixo terra.



## **2. MES DE NOVIEMBRE**

### **Todas as clases**

#### **Calendario de horta**

Buscando implicar a todo o alumnado do centro escolar para que sintan a horta como propia e que sexa un espazo de traballo colaborativo entre todas as aulas.

- Recopilación das actividades realizadas con SomosTerra con cada curso.
- Debuxar os cultivos que se utilizaron segundo se se recolleron as sementes, se fixemos sementeiros, se plantamos ou se colleitamos.

#### **Materiais**

- Calendario (proporcionado por SomosTerra)
- Pinturas
- Celo, cola ou chinchetas para poñer os debuxos no calendario

#### **Sementeira:**

- Chícharos
- Rúcula
- Fabes
- Tirabeques

#### **Plantación:**

- Brécol
- Allos
- Cebola
- Repolo
- Acelga vermella
- Leitugas
- Asa de cántaro
- Col Kale Toscana





### **Colleita:**

- Nabicol
- Tomates
- Pementos
- Mostaza
- Melisa

### **Banco de sementes:**

- Non fixemos

### **Limpeza e plantación**

3º primaria

Co remate do verán e a chegada do frío, da choiva de outono, moitos dos nosos cultivos que nos deron tanta colleita ao remate do cole estaban mustios, por iso, ao alumnado de terceiro de primaria tocounos limpar e recoller as plantacións de tomates e pementos, preparar a terra sacando as raíces e herbas e abonar con compost, deixando así todo o listo para as plantacións de inverno. A nós o alumnado de terceiro tocounos plantar as leguminosas, plantas que nutren o solo:

- 3ºA plantamos fabes
- 3º B plantamos tirabeques

Tamén estivemos de colleita, collimos o restos de tomates e pementos e o nabicol. Por que plantamos as fabes e os tirabeques onde estaban os tomates e os pementos? Por que lle tivemos que poñer aos tirabeques unha estrutura?

### **Limpeza e plantación 2º primaria**

Co remate do verán e a chegada do frío, da choiva de outono, moitos dos nosos cultivos que nos deron tanta colleita ao remate do cole estaban mustios, por iso, ao alumnado de segundo de primaria tocounos limpar e recoller as plantacións de

berenxena, tagetes e xudías, preparar a terra sacando as raíces e herbas e abonar con compost, deixando así todo o listo para as plantacións de inverno. A nós o alumnado de 2º de primaria tocounos plantar:

- Brécol
- Repolo

Ambos son coles, pero que diferencias existen entre eles? que se come do brécol? e do repolo?

### Limpeza e plantación 1º primaria

Co remate do verán e a chegada do frío, da choiva de outono, moitos dos nosos cultivos que nos deron tanta colleita ao remate do cole estaban mustios, outros estaban dando semente, un dos nosos cultivos estrela do ano pasado botou semente e esta vou e acabou caendo noutro lado da nosa horta, a acelga vermella estaba ocupando o sitio das cenorias e cebolas que plantaron os de sexto, por iso, tivemos que sacar unha a unha cada acelga e trasplantala a outro sitio da horta. Ademáis estivemos colleitando unha planta moi picante, acompañamento do keptchup e a maionesa como salsas cando comemos un bocata. Quen se lembra do nome? Parte do alumnado de primeiro B estivemos facendo unha estrutura no bancal de fora para replantar os chícharos que sementaran os nosos compañeiros máis pequenos.

### Flores 6º de infantil

Co remate do verán e a chegada do frío, da choiva de outono, moitos dos nosos cultivos que nos deron tanta colleita ao remate do cole estaban mustios, por iso, ao alumnado de sexto de infantil tocounos limpar e recoller as plantacións de verán e preparar a terra sacando as raíces e herbas e abonar con compost, deixando así todo o listo para as plantacións de inverno. Esta actividade estivemos aprendendo acerca de varios bechos da horta, a mosca da cenoria e as abellas. Para poder atraer as abellas necesitamos flores que as alimenten. A nós tocounos plantar Violas, unha flor moi dura que aguanta moi ben o inverno. Tamén estivemos replantando as cebolas xunto as cenorias. Por que plantamos as cebolas coas cenorias? a quen protexían as cebolas? de que as protexían?

### Plantación 5º de infantil

Coa chegada do frío e do outono temos que plantar cultivos que aguanten as choivas, o vento e as baixas temperaturas, por iso, nós o alumnado de 5º de infantil estivemos plantando cultivos de inverno, plantamos fabes de semente que alimentan moito a terra. Tamén plantamos dúas verduras que aguantan moi ben o frío das que comemos as follas:

- 5º A plantamos asa de cántaro
- 5ºB col Kale Toscana. Agora tocáanos coidar de todos os cultivos, como temos un invernadoiro a nosa horta non lle chega a choiva, así que debemos regar todos os cultivos cando vexamos a terra seca.

### Plantación 4º de infantil

Coa chegada do frío e do outono temos que plantar cultivos que aguanten as choivas, o vento e as baixas temperaturas, por iso, nós o alumnado de 4º de infantil estivemos plantando cultivos de inverno, plantamos allos. Tamén plantamos unha verduras que aguantan moi ben o frío a leituga. Como cheiraba o allo? que plantábamos a cabeza ou o dente de allo? Agora tocáanos coidar de todos os cultivos, como temos un invernadoiro a nosa horta non lle chega a choiva, así que debemos regar todos os cultivos cando vexamos a terra seca.



### **3. MES DE FEBREIRO**

#### ***Todas as clases***

#### **Calendario de horta**

Buscando implicar a todo o alumnado do centro escolar para que sintan a horta como propia e que sexa un espazo de traballo colaborativo entre todas as aulas.

- Recopilación das actividades realizadas con SomosTerra con cada curso.
- Debuxar os cultivos que se utilizaron segundo se se recolleron as sementes, se fixemos sementeiros, se plantamos ou se colleitamos.

#### ***Materiais***

- Calendario (proporcionado por SomosTerra)
- Pinturas
- Celo, cola ou chinchetas para poñer os debuxos no calendario

#### ***Sementeira:***

Tomate

Pemento

Xirasois

#### **Plantación:**

Allos porros

Leitugas

Amorodos

Col lombarda

Coles de Bruselas

Remolacha

Flores (Ciclamen, Prímulas, Belis bam bam)



### **Colleita:**

Nabicol

Brécol

Repolo

Acelga

Rúcula

Asa de cántaro

Leituga



***Banco de sementes:*** Non fixemos

### **6º primaria**

Apichi: Ao alumando de 6º de primaria tocounos axudar as nosas plantas a loitar contra as pragas (os bechos de corpo brando que queren comer os nosos cultivos) como os caracois, os pulgóns ou as eirugas.

Durante a anterior actividade aprendimos a preparar o Apichi un remedio natural para espantar a estes pequenos animalíños feito con pementos chiles que queiman o corpo dos animais, allo que elimina os fungos e pementa que espanta aos insectos.

Deixamos aquí a receita para que poidades gardala e utilizala cando sexa necesario.

### **Materials**

- Chile (500 g)
- Allos (500 g)
- Pementa negra sen moler (250 g)
- Alcohol de 96º (500 mL)
- Morteiro
- Auga (enrasar a 10 L)

Procedemento:

- Machacar o allo o chile e a pementa nun morteiro.

- Botar o alcohol a mestura e continuar machacando.
- Botar toda a mestura ben machacada nun recipiente con 10 L de auga
- Remover
- Esperar dous meses co recipiente tapado e remover e colar para o uso.

### 5º primaria

#### Sementeiro de xirasol

A todos os nenos e nenas de 5º tócanos regar e coidar os sementeiros de xirasoís para que cando crezan podemos transplantalos a horta e que se fagan fortes e grandes e poidamos colleitar moitas pipas e desfrutar da súa beleza. Para regar os sementeiros temos que facelo pouco a pouco para que non afoguen as nosas plantiñas. Ademais estivemos tratando un fungo, o oídio, que atacou ao Nabivol e a col Kale cun remedio caseiro feito con 800 mL de leite desnatada, unha pizca de bicarbonato e 250 mL de auga.

### 4º primaria

Horta vertical A todas e todos as nenas e nenos de 4º de primaria tocounos limpar e desmontar a nosa horta vertical, estivemos quitando as floriñas que alí estaban, xa que estaban secas e trasplantamos unhas flores moi bonitas, prímulas e ciclamen, que aguantan o frío e as choivas do inverno para atraer bechos á nosa horta. Ademais estivemos colleitando rúcula con mostaza para facer unhas ricas ensaladas.

#### Estruturas e limpeza

### 3º primaria

Despois das choivas e o frío no noso invernadoiro xa vai chegando o calor e con el a colleita o alumnado de 3º estivemos recollendo acelgas, tamén plantamos allos porros e leitugas. Ademais estivemos arranxando a estrutura que fixeramos antes do nadal para os nosos chícharos. Amorodos 2º de primaria As nenas e nenos de 2º na última actividade de horta estivemos plantando amorodos nunha papeleira vella que non se utilizaba. Agora tócanos unha tarefa moi importante coidar de cada unha das 2 macetas de fresas para que antes do verán poidamos comer moitos amorodos no cole. Tamén colleitamos acelga.

### 6º de infantil

#### Sementeiro de tomate

Co remate do verán e a chegada de outono o alumnado de 6º de infantil sacamos a semente dos tomates da nosa horta e as gardamos nun bote ata que chegara o calor. Nesta actividade plantamos esas sementes nun pequeno sementeiro para cando chegue a primavera pasar as plantiñas de tomate a horta e durante o verán comer moitos e moitos tomates. Tamén plantamos col lombrada e remolachas. Ademais colleitamos leitugas.

### 5º de infantil

#### Sementeiro de pemento

Co remate do verán e a chegada de outono o alumnado de 5º de infantil sacamos a semente dos pementos da nosa horta e as gardamos nun bote ata que chegara o calor. Nesta actividade plantamos esas sementes nun pequeno sementeiro para cando chegue a primavera pasar as plantiñas de pemento a horta e durante o verán comer moitos e moitos pementos vermellos e verdes. Tamén estivemos plantando flores e colleitando acelgas.

### 4º de infantil

#### Plantacións

O alumnado de 4º de infantil estivemos plantando remolachas e leitugas na horta. Ademais plantamos unhas flores na nosa horta vertical. Agora debemos coidar moito todas as nosas plantas para que medren moito e o mes que vén poder colleitar. Para iso, debemos ir a regar e facelo despacio e con coidado.

#### 4. **MES DE ABRIL**

Buscando implicar a todo o alumnado do centro escolar para que sintan a horta como propia e que sexa un espazo de traballo colaborativo entre todas as aulas.

- Recopilación das actividades realizadas con SomosTerra con cada curso.
- Debuxar os cultivos que se utilizaron segundo se se recolleron as sementes, se se fixemos sementeiros, se plantamos ou se colleitamos.

Materiais

- Calendario (proporcionado por SomosTerra)
- Pinturas
- Celo, cola ou chinchetas para poñer os debuxos no calendario Abril

##### **Sementeira:**

Xudías

Millo

Pemento chile

##### **Plantación:**

Berros

Berenxena

Pepino

Cabaciño

Remolacha

Tomate

Pemento

Leitugas

##### **Colleita:**

Perexil

Fabas

Tirabeques

Acelgas

Espinacas

Melisa





Remolachas

Leitugas

### 6º primaria

Sementeiro Chile

O alumando de 6º de primaria estivemos lembrando o Apichi o nosos remedio caseiro para as pragas da horta. Os ingredientes principais eran, allo, pemento e pemento chile. Por iso, fixemos a sementeira de pementos chile, así nacerán na nosa horta e no verán os recolleremos e conxelaremos para preparar o noso Apichi en inverno. Tamén estivemos facendo abono verde, retiramos as plantas de Fabas (deixando a raíz) para alimentar a nosa terra, ademais as follas de planta a estivemos triturando e botando no solo da nosa horta como alimento. Así teremos moito Nitróxeno na nosa horta grazas as plantas leguminosas. Por suposto, tamén estivemos de colleita e levamos o guichos dos repolos, perexil e plantamos berros.

### 5º primaria

Plantacións de verán

A todos os nenos e nenas de 5º tocounos limpar a horta de cultivos de inverno, abonar e preparar o campo para plantar os cultivos de verán. Fixemos unhas estruturas como “tipis” e plantamos cogombros, os cogombros non trepan máis como son plantas rastreiras as enroscaremos na estrutura para que non podrezan e ocupen tanto na horta.

### 4º primaria

Plantación e colleita

A todas e todos as nenas e nenos de 4º de primaria tocounos recoller por fin os tirabeques que tantos, tamén collimos acelgas e espinacas e deixamos o bancal listo para plantar berenxenas

### 2º primaria

Plantacións de verán

O alumnado de 2º de primaria estivemos colleitando acelgas (mira que temos!) e estivemos transplantando cultivos de verán: os cabaciños. Ademais o alumnado de 2ºB

plantamos unha cabaza moi especial, a Luffa, a esponxa vexetal, este cultivo non se come, debemos esperar a que medre e despois utilizaremos esta cabaza como estropallo.

### 1º de primaria

#### Plantacións

As nenas e nenos de 1º estivemos colleitando todas as remolachas e como estamos en tempo de ensaladas plantamos de novo remolachas e leitugas. Ademais transplantamos uns tomatiños a macetas para que cando estean listos os pasemos a horta. Plantación de tomate 6º de infantil Coa chegada do calor xa temos que plantar os cultivos de verano na horta. En outubro sacamos a semente do tomate, en marzo a plantamos nunha maceta e agora en abril pasamos as plantiñas á horta. Lembrade que a plantamos ao lado dun pao que utilizará como bastón para que cando a nosa planta teña tomates non se rompa. Ademais lle plantamos unha amiguiña ao seu carón, a albahaca que a protexerá de enfermidades.

### 5º de infantil

#### Plantación de pemento

Coa chegada do calor xa temos que plantar os cultivos de verán na horta. En outubro sacamos a semente do pemento, en marzo a plantamos nunha maceta e agora en abril pasamos as plantiñas á horta. Lembrade que a plantamos ao lado dun pao que utilizará como bastón para que cando a nosa planta teña pementos non se rompa. Ademais plantamos millo corvo nunha maceta.

### 4º de infantil

#### Sementeiro de xudía

O alumnado de 4º de infantil estivemos plantando dúas sementes en macetas pequenas: as xudías. Plantamos unha xudía verde que tiña unha semente marrón grande e que lle gusta moito trepar e, tamén plantamos unha xudía amarela que ten unha semente máis pequena e non lle gusta trepar. Ademais estivemos de colleita, levamos as leitugas que plantáramos e acelgas.















